

O Goberno de Rajoy e o de Feijoo, quen parece que ten unha teima cos traballadores dos servizos públicos, esquecen que nos 'sacaron', por usar un verbo suave, bastantes cartos nestes anos que levan gobernando.

Esiximos o inicio da recuperación salarial. Non imos tan ben? Pois que se note en algo.

## A RECUPERACIÓN E CRECEMENTO DA ECONOMÍA TRADÚCESE PARA O PERSOAL DO SERGAS EN PRECIEDADE LABORAL E SALARIAL

**CIG-SAÚDE** solicita a convocatoria dunha mesa de negociación para abordar a recuperación das retribucións que desde o ano 2009 deixaron de percibir as traballadoras e traballadores do SERGAS, e que nos orzamentos do ano 2016 xa se inclúan estas retribucións.

### O que temos que recuperar:

#### → **Carreira profesional:**

- Convocatoria inmediata do 4º grao da **Carreira Extraordinaria** para o persoal de Xestión e Servizos e Persoal Sanitario de Formación Profesional.
- **Carreira Ordinaria** para todo o persoal, valoración da carreira ao persoal interino.

#### → **Acordo Retributivo 2008/2012:**

- Actualización dos valores de Atención Continuada (noites, festivos, gardas) ao valor que se debería percibir desde o ano 2012. No caso do persoal de PAC, máis prexudicado, conséxolose a equiparación do valor da Atención Continuada, estando actualmente no 80% do valor do ano 2009, é dicir, no 80% do que cobra o resto de persoal.
- Recuperación do **incremento salarial** no valor do ano 2012.
- É dicir, recuperación dos incrementos salariais deixados de percibir nos anos 2009, 2010, 2011 e 2012.

Algúns organizacións sindicais andá a solicitar do goberno que a nosa recuperación salarial usea a que se acordou no "Pacto Social".

#### Que di este pacto?

- Un máximo de incremento salarial do 1% para o ano do 2015
- Un máximo do 1.5 % de incremento salarial para o ano 2016
- A cambio dunha xornada de distribución irregular do 10% e dunha bolsa de horas anuais a disposición da empresa.

Desde **CIG-SAÚDE** Preguntámonos: o un 1% ou 1.5% de que retribucións?

- Do 30% de IPC que levamos perdendo todas/os desde o ano 2007?
- Do 46.7% do recorte do soldo base das pagas extras do Grupo A2?
- Do 32.8% do recorte do soldo base das pagas extras do Grupo A2?
- Do Complemento Específico das pagas extras que deixamos de percibir todas/os as/os traballadoras/es?

Que non te queiran confundir, traballamos na empresa do collecemento, poñemos a disposición dela o mellor de nós. Temos dereito a un salario digno que retribúa a nosa dedicación e implicación.

Non máis roubos nos nosos salarios



[CIG\\_20150713\\_folleto\\_recuperacion\\_salarial.pdf](#)